

OTHELLO

Orson Welles, 1951

1181

ESTREA EN NUMAX: 17.10.2023 | V.O.S.E. | 91 min

O Mouro de Venecia, un oficial namorado de Desdémona, deberá loitar contra o seu futuro sogro, Brabancio, que non desexa casar a súa filla cun home negro. Deseguido Yago sementará a sospeita en Othello, facéndolle crer que a súa muller é infiel.

«O xenial talento de Welles detrás da cámara fai que unha das obras máis escuras de Shakespeare cobre vida»

Alan Morrison, EMPIRE



A elocuencia do verbo tráxico

Por André Bazin

Indiscutiblemente, *Othello* (1952) é un dos filmes máis característicos e persoais de Orson Welles e, desde o punto de vista adoptado, o máis oposto a *Cidadán Kane* (1941) e mesmo a *Macbeth* (1948). A súa planificación, en extremo fragmentaria, ten moito que ver cunha realización necesariamente entrecortada. É difícil imaxinar, nesas condicións, as longas secuencias filmadas de *Macbeth* e é probable que esta montaxe de ritmo rápido camufle máis dun erro de continuidade. “Cada vez que vemos alguén de costas coa cabeza cuberta por unha carapucha trátase, sen dúbida, dun dobre. Tiven que facer todo en campo-contracampo”, ten declarado Orson Welles. Pero sería parvo reducir a técnica de planificación de *Othello* unicamente aos condicionantes externos. Os verdadeiros creadores souberon sempre empregar de forma positiva os accidentes da materia e avivar a súa imaxinación ante a resistencia ofrecida polas cousas. Dun contratempo involuntario, Welles soubo extraer un estilo de posta en escena.

“A montaxe é esencial para o director, é o único momento en que controla completamente o seu filme. Cando rodo, o sol produce efectos contra os que nada pode facer, o actor fai intervir elementos aos que debo someterme, igual sucede co argumento. O único lugar no que exerzo un control absoluto é a sala de montaxe, onde o director é en potencia un verdadeiro artista (...) As imaxes en si mesmas non son dabondo, son moi importantes pero non son máis que imaxes. O esencial é a súa duración, o que segue a cada unha delas, toda a marabillosa elocuencia do cinema fórxase na sala de montaxe.”

Xa fose rodada en planos curtos ou longos, a montaxe é, por tanto, esencial para Orson Welles, un proceso creativo esencial. Pero é lóxico pensar que a súa importancia é, senón cualitativa si cuantitativa, maior nos filmes de planos curtos como *Othello*. Importaba facer notar iso e ter en conta este factor ulterior na posta en escena con moita frecuencia esquecido e tanto máis en canto que en América son escasísimos os realizadores que supervisan a montaxe; o filme éelles retirado despois da filmación das tomas e confiado a outro equipo de técnicos que lle dan a súa forma definitiva. Isto é por outra parte o que lle sucedeu en filmes como *O cuarto mandamento* (1942), *A dama de Shanghai* (1947) e *Sede de mal* (1958).

Desde o punto de vista da transposición teatro-cinema *Othello* achega unha solución estética de maior interese e diametralmente oposta a *Macbeth*. Unha das principais dificultades que atopa a posta en escena dunha peza teatral na pantalla é o decorado. En *Macbeth*, Welles decidiu recrear a toda costa un universo artificial, un mundo pechado sobre a súa propia finitude, como unha gruta. En *Othello* o artificio está ao aire libre e recreado a partir dunha material totalmente natural. Grazas a unha montaxe entrecortada e ás súas tomas angulares, Welles crea a partir das pedras de Venecia ou de Mogador unha arquitectura dramática imaxinaria, pero engalanada de todos os prestixios, de todas as belezaas, concertadas e fortuítas, que unicamente pode posuír a verdadeira arquitectura da pedra natural, patinada por séculos de vento e de sol. *Othello* desenvólvese pois a ceo aberto pero de ningún xeito na natureza. Eses muros, esas bóvedas, eses pasadizos reproducen, reflicten, multiplican como espellos a elocuencia do verbo tráxico.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La mirada de Orson Welles,
Mark Cousins.
a contracorrientefilms [BD]

Othello,
William Shakespeare.
Cátedra, 2005

Ciudadano Welles,
Peter Bogdanovich.
Capitán Swing, 2015